

# Sílaba tónica e acento gráfico

## LEMBRA

As palabras están formadas por sílabas. A sílaba que se pronuncia con máis intensidade nunha palabra é a **sílaba tónica**. As demais sílabas son átonas. Nalgunhas palabras, a sílaba tónica márcase cun signo denominado **acento gráfico**. O acento gráfico é unha raiña que se coloca enriba da vogal tónica. Para determinar se unha palabra leva ou non acento gráfico, séguense unhas regras específicas.

**1** Copia cada palabra separando as sílabas que a forman. Despois, arrodea a sílaba tónica.

■ pantalóns ▶ pan | ta | (lóns)

■ ordenador ▶ or | de | na | (dor)

■ bolígrafo ▶ bo | (l)í | gra | fo

■ cantimplora ▶ can | tim | (plo) | ra

■ anel ▶ a | (nel)

■ ecolóxico ▶ e | co | (l)ó | xi | co

**2** Escribe os nomes onde corresponda. Ten en conta que cada casa é unha sílaba e que a casa sombreada representa a sílaba tónica.



XA MÓN

BÁS CU LA

PUL SEI RA

BI BE RÓN

XO A NI ÑA

HI PO PÓ TA MO

PE DRAS

**3** Escribe, en cada caso, unha palabra que cumpra as características que se indican. **RM.**

■ Que a súa sílaba tónica sexa a última e que leve acento gráfico. ▶ **concentración**

■ Que a súa sílaba tónica sexa a penúltima e que leve acento gráfico. ▶ **fútbol**

■ Que a súa sílaba tónica sexa a antepenúltima e que leve acento gráfico. ▶ **satélite**